



O asombro de Mr. Darwin

www.misterdarwin.eu

Unha exposición dos Museos Científicos Coruñeses
na Casa das Ciencias



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña

$= mc^2$

Museos Científicos Coruñeses



CASACIENCIAS



2009. Ano Darwin
Museos Científicos Coruñeses

«O asombro de Mr. Darwin»

Unha exposición ideada e producida polos Museos Científicos Coruñeses para celebrar o 150 aniversario da publicación de *A orixe das especies*.

No seu famoso libro, Charles Darwin detallou a teoría da evolución biolóxica por medio da selección natural. A exposición da Casa das Ciencias pretende trasladar ao público o labor de Darwin, protagonista dese descubrimento científico que **transformou a nosa forma de comprender o mundo**.

O asombro de Darwin é o dun mozo que goza do coñecemento da natureza e fica fascinado polo que observa na súa singular viaxe. Tamén é o asombro do home que constrúe unha teoría revolucionaria, conmovido pola consciencia da súa transcendencia e impacto.

Un asombro intelixente, acompañado dunha estrita e creativa aplicación do método científico. Un estimulante camiño de preguntas e respostas, do que Darwin percorreu un bo treito.

Contidos

Os visitantes poden explorar unha espectacular árbore da vida que ilustra o noso parentesco con outras especies, seguir a viaxe de Darwin nun enorme globo terráqueo, descubrir a verdadeira historia da parada que fixo nas illas Galápagos, investigar a mensaxe oculta nos fósiles ou observar cos seus propios ollos a evolución dunhas bacterias.

«O asombro de Mr. Darwin» contén 11 unidades expositivas que se distribúen en seis ámbitos: educación científica e sentimental, a viaxe do Beagle, a construción dunha teoría revolucionaria, unha explicación sorprendente (a selección natural), o impacto do darwinismo no mundo e mais os mitos e incógnitas sobre a evolución.

A exposición conta con reproducións a escala real de animais e fósiles descubertos por Darwin, vitrinas con curiosas coleccións, xogos interactivos e abundante información complementaria en paneis gráficos e pantallas táctiles.

Onde?

Casa das Ciencias

Parque de Santa Margarida, s/n
15002 A Coruña
43° 21' 44" N 8° 24' 45" W

A exposición está no segundo andar do museo, que ten ascensor e está adaptado para persoas con dificultades motrices.



Cando?

Desde o 4 de decembro de 2009 ata finais de 2010.

A Casa das Ciencias abre todos os días do ano, agás o 25 de decembro, o 1 de xaneiro e o 6 de xaneiro.

Horario:

De 10:00 a 19:00, de setembro a xuño.

De 11:00 a 21:00, en xullo e agosto.

Canto custa?

A entrada á Casa das Ciencias dá acceso á exposición «O asombro de Mr. Darwin», sen ningún custo adicional.

Prezo:

2€ tarifa xeral

1€ tarifa reducida (para menores de 14 anos, maiores de 65 e titulares do Carné Xove).

Os **grupos** teñen prezos especiais se fan reserva previa. Para centros educativos temos un programa de **visitas escolares**: www.casaciencias.org/escolares

Máis información:

981 189848

reservas@casaciencias.org